

AXENDA SEN NUMERAR

FÓRUM METROPOLITANO PRIMAVERA 2019

🕒 TÓDALAS REPRESENTACIÓNS COMEZAN ÁS 21:00H.



TEATRO DO ATLÁNTICO

DE ABRENTES E OCASOS



📅 VENRES 25 DE XANEIRO DE 2019 | ⌚ 60 min. | 🎫 9'00€*

*Carné xove, + 65 anos e persoas desempregadas: 7'00€



CALEMA PRODUCCIONES

LOS NADIES

📅 SÁBADO 23 DE FEBREIRO DE 2019 | ⌚ 50 min. | 🎫 9'00€*

*Carné xove, + 65 anos e persoas desempregadas: 7'00€



LA ESTAMPIDA

LO NUNCA VISTO



📅 SÁBADO 06 DE ABRIL DE 2019 | ⌚ 70 min. | 🎫 9'00€*

*Carné xove, + 65 anos e persoas desempregadas: 7'00€



COMPAÑÍA JAVIER ARANDA

VIDA

📅 VENRES 08 DE FEBREIRO DE 2019 | ⌚ 55 min. | 🎫 6'00€*

*Abono 3: 15'00€.

*Aforo reducido.



FÉLIX ALBO PRODUCCIONES

TANATORIUM



📅 SÁBADO 30 DE MARZO DE 2019 | ⌚ 75 min. | 🎫 9'00€*

*Carné xove, + 65 anos e persoas desempregadas: 7'00€



CINEMA STICADO

STRPTS: FIN DE TEMPADA



📅 XOVES 16 DE MAIO DE 2019 | ⌚ 60 min. | 🎫 9'00€*

*Carné xove, + 65 anos e persoas desempregadas: 7'00€

CICLO SEN NUMERAR

PRIMAVERA 2019
Fórum Metropolitano

COUSAS QUE DEBES SABER ANTES DE VIR VERNOS

- O despacho de billetes abre unha hora antes do comezo de cada espectáculo e só se quedan entradas.
- Pídese puntualidade. Non se permitirá o acceso á sala unha vez comece a función.
- Non está permitido a entrada á sala con comida ou bebida (agás auga).
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.

VENDA DE ENTRADAS

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, excepto festivos,
de 9.30 a 13.00h e de 16.30 a 19.30h.

TELEVENDA 902 044 226

Luns a venres de 9:00 a 22.00h.
Sábados de 14:00 a 22:00h.
Domingos de 16:00 a 21:00h.

DESPACHO DE BILLETES DO FÓRUM

Aberto só os días de función,
desde unha hora antes (só se
quedan entradas dispoñibles).

WEB www.ticketea.com
Servizo permanente 24h.



PRÉGASE PUNTUALIDADE

Unha vez comezado o espectáculo non se
permitirá o aceso á sala.



CORUÑA
PRÓXIMA

MÁIS INFORMACIÓN

www.coruna.es/cultura



Depósito Legal: C 25005-2018



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



CORUÑA
PRÓXIMA



 **VENRES 25 DE XANEIRO DE 2019** |  **21:00h.** |  **60 min.**



TEATRO DO ATLÁNTICO

DE ABRENTES E OCASOS

Con recurso á voz, ao corpo e mais á música, preténdese dar eco á palabra poética na lingua na que foi creada; e, compartíndoa deste xeito, abrir un espazo para a comunicación de emoción, reflexión e beleza, sen renunciar á presenza puntual do humor. Desde o eido da poesía aparecen e ocupan o seu lugar o amor, a relación coa terra e a paisaxe, co campo e coa cidade; a loita social, a igualdade de xénero, a dura travesía dos expatriados; a guerra...; cuestións que esixen ser abordadas desde o horizonte de Galicia e da lingua galega.

Nesta intensa e emotiva viaxe acompañanos a palabra de vinte e un poetas.

INTÉRPRETES: María Barcala, Aleixandre Lago, Xúlio Lago.
MÚSICA EN DIRECTO: Nani García (piano).
DIRECCIÓN: Xúlio Lago.

 **ENTRADAS: 9'00€***

*Carné xove, + 65 anos e persoas desempregadas: 7'00€.



 **VENRES 08 DE FEBREIRO DE 2019** |  **21:00h.** |  **55 min.**



COMPañIA JAVIER ARANDA

VIDA

Dúas mans e o universo dunha canastra de costura. As cousas feitas a man teñen o seu propio carácter, as mans como parte dun ser, como protagonistas, como seres especiais que crean movemento, emoción e vida. Unha canastra á deriva, unha viaxe... De calquera recuncho, de calquera canastra emerxen brotes de vida; vidas valiosas, particulares e únicas.

CREADOR E MANIPULADOR: Javier Aranda.

 **ENTRADAS: 6'00€***

*Abono 3: 15'00€.
*Aforo reducido.



 **SÁBADO 23 DE FEBREIRO DE 2019** |  **21:00h.** |  **50 min.**



CALEMA PRODUCCIONES

LOS NADIES

Los Nadies fala de cada un de nós e de todos. Dous seres que ven e non ven, que nunca se atopan, transitan pola súa imposibilidade de ser co outro. Todos buscamos o noso espazo e constantemente sentimos que debemos defendelo. Percibimos que existe o risco de perder o pouco que conseguimos. Isto representa algo tan primitivo e visceral como a defensa do lugar dun mesmo, razón pola cal os humanos non soubemos convivir sen guerra. Bloquéanos o mero feito de non ser individuos únicos na face da terra. Compartir o mundo pertúrbanos. Non somos capaces de vivir en sociedade. Con esta breve peza, a autora convida o público a reflexionar sobre isto.

INTÉRPRETES: Carolina Calemá e Ana Noguera.
CREACIÓN E DIRECCIÓN: Carolina Calemá.

 **ENTRADAS: 9'00€***

*Carné xove, + 65 anos e persoas desempregadas: 7'00€.



 **SÁBADO 30 DE MARZO DE 2019** |  **21:00h.** |  **75 min.**



FÉLIX ALBO PRODUCCIONES

TANATORIUM

Un home entra ao zaguán dun tanatorio xusto no momento no que se vai a luz. A escuridade, o forzado silencio e a incómoda humidade que se respira no vestíbulo evócalle un soliloquio co que percorre trazos de distintas vidas ata chegar á súa propia. Personaxes díscolos, como non (un tío avó coa súa parella de Almansa, un grupo de adolescentes punkys con moto, unha rapariga na beira dunha estrada...), que provocan situacións disparatadas.

AUTORÍA, DIRECCIÓN E INTERPRETACIÓN: Félix Albo.

 **ENTRADAS: 9'00€***

*Carné xove, + 65 anos e persoas desempregadas: 7'00€.



 **SÁBADO 06 DE ABRIL DE 2019** |  **21:00h.** |  **70 min.**



LA ESTAMPIDA

LO NUNCA VISTO

A un mes do peche por falta de pagamentos do seu estudo, unha decrépita profesora de danza e teatro para nenos, decide que é o momento do "agora ou nunca" e realizar un espectáculo que revolucione a arte contemporánea: Lo nunca visto.

Sen talento, sen diñeiro e xa sen alumnas nas súas clases, lánzase a recrutar a "artistas comprometidos" para a súa causa. Só acudirán á súa chamada dúas das súas exalumnas: unha yonki galega e un ama de casa recentemente fuxida. A entrega en corpo e alma de nosas tres protagonistas, que non teñen outra cousa que contarnos máis que as súas propias vidas, poñeranos o listón moi alto, facéndonos bailar de pranto e rir de suor.

INTÉRPRETES: Alicia Rodríguez, Belén Ponce de León, Ana Turpin.
DIRECCIÓN: José Troncoso.

 **ENTRADAS: 9'00€***

*Carné xove, + 65 anos e persoas desempregadas: 7'00€.



 **XOVES 16 DE MAIO DE 2019** |  **21:00h.** |  **60 min.**



CINEMA STICADO

STRPTS: FIN DE TEMPADA

Dous frikis humanos teñen a misión de facer unha película, unha selva está a piques de desaparecer, dous fuxitivos agardan nunha casa illada, un Ministro e o seu fillo ambicionan o poder, e no medio de todos eles.... un maletín.

O Colectivo Cinema Sticado continúa a xogar coa súa cacharrada analóxico-dixital para componse con intriga, humor e maxia unha aventura que xira en torno á manipulación e na que calquera parecido coa realidade é plenamente intencionado. Ou non.

CREADORES, MANIPULADORES E INTÉRPRETES: Helena Varela e Xosel Díez.
DIRECCIÓN: Xosel Díez e Noemi Rodríguez.

 **ENTRADAS: 9'00€***

*Carné xove, + 65 anos e persoas desempregadas: 7'00€.

